



El vino de mi lagar. Poemario de la Buena Nueva

Francisco Martínez Sánchez, Editorial Atrio, Granada 2015,
vol. 1, 206 pp.; vol. 2, 190 pp.



Con máis atraso do desexable facémonos eco desta fermosa e nova publicación. O autor, un gaditano afincado en Granada e coñecido familiarmente por moitos como Pacurri, está vencellado a Galicia con múltiples e vellos lazos cordiais desde os anos da súa temperá formación mindoniense. Ao primeiro dos volumes, xa pola súa segunda edición, engádesse agora outro que a completa e redondea.

Os textos que prologan ou epilogan a ambos tomos dan boa conta, desde diferentes ángulos, do alcance desta obra. Así, Andrés Palma, profesor da Universidade de Granada, enmarca os versos deste libro na tradición da poesía litúrxica: encontro entre Fe e Beleza que se desprega como un eco meditativo e orante da Palabra proclamada na celebración eucarística dominical; como unha pregaria de acción

de grazas, coidadosa dos valores estéticos e afectivos («*Al compás de la Palabra*», vol. 1, pp. 14-17). O teólogo Xosé M. Castillo, pola súa banda, ve nestes poemas a expresión dos máis fondos desexos, pois niso radica a esencia da auténtica oración: «a oración que transcende ao ceo é o desexo que brota da nosa intimidade máis secreta. A marabilla do Deus humanizado fai posible que todo desexo ordenado e limpo, sexa por iso mesmo pregaria que transcende ao horizonte último da nosa limitada inmanencia» («*La fuerza del deseo*», vol. 2, pp. 13-14). En fin, Isidoro Sánchez, misioneiro en Nicaragua, salienta a pegada de compromiso evanxélico vivido que se percibe nestes poemas, así como a gozosa transmisión da Boa Nova nun estilo afín ao de *A alegría do evanxeo* do papa Francisco («*El buen*